



IV ENCONTRO VALADOURO

Club de Montaña O Carroucho

26 de Outubro de 2014

Ruta Longa

Reunirémonos ás 9.00 h. no parque Concepción Arenal para logo desprazarnos en autobús ata o comezo da ruta que será no Curro de Candaoso.

Dende aquí sairemos cunha altura de 550 m. dirección a Ferreira. Durante un tramo da ruta iremos por un antigo Camiño Real (que recuperou Paso Miúdo). A 700 m. collemos o desvío á dereita para logo volver á esquerda 500 m. máis adiante.

Logo de cruzar un paso canadense entraremos en Riobó, un terreo privado



(prégase respectar o seu ámbito así como non tirar lixo) no que veremos unha aldea totalmente restaurada co seu muíño e a súa capela.

Dende aquí comeza o noso ascenso ata Pao da Vella, volveremos cruzar outro paso canadense á saída do terreo, xiraremos á esquerda por un camiño antigo alcanzando a máxima altitude da ruta. Pasaremos por diante dunha cruz megalítica que dá nome a este alto e punto de unión de catro concellos (Viveiro, Xove, Cervo e O Valadouro).

Xiraremos á dereita seguindo unha pista de eólicos, a 800 m. colleremos un camiño á esquerda para comezar o descenso, pasaremos polo nacemento do Río Xunco (nesta zona adoita haber auga no camiño) e sairemos a un camiño pedregoso cuns 100 m. de forte descenso. Despois de cruzar o Río Val dos Infernos o descenso é máis suave e chegaremos así ao Pozo da Onza, unha ferverza que en época de chuvias é digna de visitar.

Despois de 200 m. por esta pista xiraremos á dereita por un camiño para chegar de novo a A Portela, cruzaremos a ponte e volveremos polo mesmo camiño, esta vez baixando polo centro do pobo.

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

Comezo: Curro de Candaoso

Remate: Ferreira

Distancia lineal: 17 km.

Duración aprox.: 5 horas

Dificultade: Baixa

Altura máxima: 714 m

Altura mínima: 87 m

Acumul.: ↗405 m / ↘863 m

Despois de visitar a ferverza volveremos sobre os nosos pasos para seguir a ruta por un camiño ata o lugar de A Portela e seguiremos a marxe dereita do Río Ferreira, ata chegar ao noso destino.


Ruta Curta

Iniciaremos a ruta ás 10:00 dende o parque Concepción Arenal seguindo un paseo xunto ao Río Ferreira. Á saída do pobo (dirección Viveiro) xiraremos á dereita para logo a 100 m. en Tras dos Ríos xirar á esquerda por un camiño asfaltado ata chegar

a unha ponte situada no lugar da Portela.

Dende aquí seguiremos un sendeiro pola marxe esquerda do río pasando polo Pozo das Moscas. Na Rexedreira cruzaremos a ponte á dereita e a uns 200 m. xiraremos á esquerda. Despois de 1,5 km. por este camiño chegaremos a un cruzamento e seguiremos de fronte pola pista asfaltada uns 100 m. ata a ponte do Río Val dos Infernos. Colleremos un sendeiro á dereita ao longo do río ata chegar ao Pozo da Onza onde se encontra unha fermosa ferverza. O retorno farémolo polo mesmo sendeiro ata a ponte, colleremos á dereita e volveremos pola pista asfaltada ata o cruzamento, onde xiraremos á esquerda.

Despois de 200 m. por esta pista xiraremos á dereita por un camiño para chegar de novo a A Portela, cruzaremos a ponte e volveremos polo mesmo camiño, esta vez baixando polo centro do pobo.



Próxima cita:
15 Novembro
Fragas do Calvo e Deva



O Carroucho
www.carroucho.org